

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-II-19

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre a cidade de Pontevedra. Tome as notas que precise. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o vídeo.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Así se vive en Pontevedra, referente para Europa

O premio ONU-Hábitat destaca o seu modelo de cidade en materia de innovación, inclusión social e calidade urbana, «transferible» ao resto do continente

Inverter a tendencia decadente e desintegradora da dinámica urbana de Pontevedra, fomentando a mobilidade non contaminante e saudable (peonalización das rúas), recuperando os espazos públicos para o gozo dos veciños (unha cidade inclusiva, integradora, na que se mitigasen ou se eliminasen as barreiras de clase social) e reducindo drasticamente a contaminación aérea, sonora e das augas; fronte a outras urbes que escolleron o camiño da grande obra, do grande evento, para afrontar o seu futuro.

Este deseño, que se resume en poucas liñas, pero que levou catorce anos, valeulle á capital das Rías Baixas, Pontevedra, o seu recoñecemento como modelo de cidade en Europa tanto polo Comité Hábitat español, que apoiou a súa candidatura á décima edición do Premio Internacional de Dubai, como por Nacións Unidas, que co ONU-Hábitat distingue a cidade do Lérez (entre os 406 proxectos seleccionados de 95 países de todo o mundo) polas súas boas prácticas en materia de mobilidade e accesibilidade.

Á fronte dos modelos urbanos de todo o mundo, Roma, Bruxelas, Madrid, París ou Londres xa teñen un espello no que mirarse. A cidade sufriu unha auténtica catarse nos últimos anos e foi precisamente este cambio de imaxe o principal aval da súa candidatura. Un proxecto de cidade baseado «nas persoas» que logrou situarse no mapa internacional como un dos destinos de referencia en Galicia, e que fixo que a ONU se fixase en Pontevedra para distinguila cun dos máximos recoñecementos que existen neste ámbito.

O mérito atribúello o alcalde Miguel Anxo Fernández Lores a «un traballo de todos»; veciños, empresarios, comerciantes, técnicos e responsables políticos. «Déronnos o premio, pero é que ademais é verdade!», exclama orgulloso na súa conversación co xornal. «Os datos son contundentes. Non hai comparación entre o antes e o despois», sinala, para afirmar que «hoxe Pontevedra é unha cidade habitable, segura, inclusiva e limpa».

«Apostouse por peonalizar, para reducir nun 90 % os tráfico inncesarios no centro». Refírese o rexedor municipal á redución nun 90 % da circulación de vehículos de xeito inncesario no centro. Unha medida que moitos crían que lle ía traer máis desgustos que alegrías, e que neste momento aplauden os veciños. Diso dá fe Juan Loureiro Crespo, presidente da Federación Asociacións de Veciños Castela: «Hoxe hai máis xente que nunca nos comercios, a pesar da crise. É unha cidade con vida na rúa», apunta. «Os comerciantes, que nun principio se mostraron remisos aos cambios, por medo a que a peonalización das rúas tivese un efecto negativo nos seus negocios, están encantados», engade.

Implicación de todas as administracións

Xunto a outras asociacións como Cogami (Confederación Galega de Minusválidos), a ONCE ou Meniños apoiaron a candidatura porque, en palabras de Loureiro, «entendemos que o modelo para a zona urbana é moi destacable».

Así tamén o entenderon outras administracións públicas como a Deputación de Pontevedra, que figura entre os seus colaboradores. E non só esta, xa que hoxe Pontevedra é a cidade máis cómoda de Europa grazas non só aos recursos propios, senón ás achegas dos fondos europeos, do Estado e da Xunta.

Neste sentido, o portavoz do PP en Pontevedra, Jacobo Moreira, quixo lembrar a achega a esta distinción do predecesor de Lores. Juan Luis Pedrosa (1995-1999) foi quen conseguiu o diñeiro do Plan Urban, co que se realizaron moitas das obras no centro histórico pontevedrés. En 1998, un ano antes de que as municipais lles desen o bastón de mando aos nacionalistas, aprobábase o Urban II.

Desprazamentos a pé ou en bicicleta

Trátase dunha cidade que se propuxo escribir a historia ao revés. Así, mentres que a tendencia é «expulsar a xente cara ao arrabalde, a urbanizacións onde a calidade de vida mellora, en Pontevedra o centro urbano creceu un 30 % en poboación», apunta como dato significativo Lores.

Cunha velocidade máxima establecida en 30 quilómetros/hora, máis das dúas terceiras partes dos desprazamentos realízanse a pé ou en bicicleta; desapareceron as barreiras físicas para cadeiras de rodas e carros infantís; os residuos líquidos que se devolvían á natureza sen depurar elimináronse nun 70 % e rebaixáronse en media tonelada anual as emisións de CO₂; os nenos e nenas acoden ao colexio camiñando na súa gran maioría; e a vida nas rúas é moi intensa para toda a cidadanía.

«Os comercios sempre están cheos», apunta un representante do sector. Sobre esta cuestión fai especial fincapé José María Corujo, presidente da Asociación da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra (Aempe), quen realiza un balance moi positivo desta última distinción, que non é a única outorgada á cidade, a pesar de ser a de maior prestixio internacional.

«É unha cidade con moita vida na rúa, a diferenza doutras urbes onde non se respira o mesmo ambiente. Aínda ben non sae o sol, os paseos éñense de xente. Nos últimos anos multiplicáronse as terrazas e os comercios sempre están cheos», apunta o empresario. E, segundo Corujo, «un bo carné de identidade» é o premio ONU-Hábitat, posto que converte a cidade de Pontevedra «en cidade de referencia e polo de atracción turística».

Materias pendentes

A pesar dos avances obvios, aínda queda moito por facer, a xuízo de quen quere converter a cidade do Lérez nunha «cidade alternativa». «Un referente en calidade de vida, dinamismo e cohesión social», en palabras do alcalde, cuxo obxectivo agora é estender o laureado modelo ás súas 15 parroquias.

Texto adaptado e traducido do xornal *ABC*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que esqueza detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ■ En que cambiou Pontevedra nos últimos anos? ■ Que premio se lle outorgou á cidade de Pontevedra? ■ Cales foron os motivos do premio? ■ Cal é a opinión dos veciños sobre a cidade?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicáráselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A. «O futuro de todas as cidades debería de pasar polo fomento da mobilidade non contaminante e saudable e a recuperación dos espazos públicos para o gozo dos veciños».
- B. «A peonalización das cidades é a mellor maneira de evitar que os seus habitantes sexan expulsados cara aos arrabaldes e tamén para impulsar o comercio local».
- C. «Un bo proxecto de cidade debe estar baseado nas persoas».
- D. «Unha cidade debe ser inclusiva, integradora, debe eliminar ou mitigar as barreiras, tanto arquitectónicas como de clase social».

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

«O futuro de todas as cidades debería de pasar polo fomento da mobilidade non contaminante e saudable e a recuperación dos espazos públicos para o gozo dos veciños»

- Coñece vostede a cidade de Pontevedra ou oíu falar dela? Concorde co explicado no artigo? Por que?
 - Coñece algunha outra cidade na que se fomente a mobilidade non contaminante? Explique como?
 - Que medidas cre vostede que deberían tomarse para fomentar a redución da contaminación nas cidades?
 - Recentemente algunhas cidades pretenden aplicar restricións ao tráfico de automóbiles de combustión en determinadas zonas, que opina ao respecto?
 - Cre que as restricións ao tráfico contribuirán realmente a que os habitantes desenvolvan hábitos máis saudables?
 - Coñece algún caso de recuperación de espazos públicos para o gozo dos veciños? Se é así, expóñao? Se non, explique que entende por «recuperación de espazos públicos».
- (Se procede)
- Existen diferenzas ou semellanzas entre a maneira de xestionar os espazos urbanos en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

«A peonalización das cidades é a mellor maneira de evitar que os seus habitantes sexan expulsados cara aos arrabaldes e tamén para impulsar o comercio local»

- Gustaríalle que a súa vivenda estivese nunha rúa peonil? Por que?
- A peonalización ten vantaxes e inconvenientes, sinala os que considere máis destacables.
- A peonalización supón a expulsión dos coches, pero vivimos na era dos automóbiles. Como cre que se poderían harmonizar estes dous conceptos?
- Parécelle que na súa cidade hai suficientes espazos peonís ou cre que serían necesarios máis? Explique as razóns da súa resposta.
- Cales considera que son os principais motivos polos que algúns habitantes das cidades se senten “expulsados” ás aforas? Que lle parece que se podería facer ao respecto?
- Preferiría vivir no centro dunha cidade ou nos arrabaldes? Por que?
- Que lle diría a un comerciante que se opón á peonalización da rúa na que está o seu negocio para convencelo da conveniencia de levala a cabo?
- Coñece algún caso en que a peonalización producise un grave prexuízo ao comercio? Cal é a súa opinión ao respecto?
- Cre que a peonalización inflúe de forma negativa ou positiva no comercio? Por que?
(Se procede)
- Existen diferenzas sobre a visión do futuro do mundo en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

«Un bo proxecto de cidade debe estar baseado nas persoas»

- Cre que, en xeral, as nosas cidades se basean máis nas persoas ou noutros intereses como, por exemplo, a especulación inmobiliaria?
- Coñece algún outro caso de cidade, en Galicia ou fóra, no que se lle dea un protagonismo similar ás persoas?
- A humanización das cidades favorecerá a creación de vínculos entre as persoas? Explique como?
- Pensa que é posible loitar contra a tiranía do automóbil ou contra os intereses inmobiliarios ou que se trata dunha batalla perdida? Razoe a súa resposta.
- Cal sería o seu proxecto ideal de cidade?
- Na súa opinión, como se podería humanizar unha cidade de forma rápida e barata?
- A Organización Mundial da Saúde recomenda que as cidades dispoñan de entre 10 e 15 metros cadrados de xardíns por habitante. Cre que as cidades galegas cumpren con esta recomendación?
- Parécelle que nas cidades de Galicia hai suficientes xardíns e prazas?
- Coñece algunha cidade que mudase moito nos últimos tempos? En que sentido?
- Por que cre que as zonas verdes serven para incrementar o benestar físico e emocional dos residentes?
(Se procede)
- Existen diferenzas a este respecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

«Unha cidade debe ser inclusiva, eliminar ou diminuír as barreiras, tanto arquitectónicas como de clase social»

- Cre que as cidades son agora máis inclusivas e integradoras que hai cen anos? Por que?
- Comente algunha medida inclusiva que hoxe en día sexa común e que hai cen anos non existise.
- Opina que a súa cidade é integradora ou vívea como un espazo hostil? Por que?
- Considera que somos conscientes das barreiras arquitectónicas ou que só reparamos nelas cando temos que ir en cadeira de rodas ou empuxando un carriño de bebé? Conte a súa experiencia.
- Cre que en xeral nas nosas cidades se van suprimindo as barreiras arquitectónicas ou que hai moito que avanzar aínda nese terreo? Por que?
- Que entende por barreiras de clase social? Como lle parece que se poden suprimir ou mitigar este tipo de barreiras?
- Cales coida que son as medidas máis urxentes para facer dunha cidade un espazo integrador?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?